

# **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPUESTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

## **Artigo 1º.-**

O pago do imposto acreditarase mediante:

- a) Recibos tributarios no caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación.
- b) Cartas de pago no caso de primeiras adquisicións dun vehículo ou cando estes se reformen de maneira que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto.

## **Artigo 2º.-**

1.- No caso de primeiras adquisicións dun vehículo ou cando estes se reformen de maneira que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante a oficina xestora correspondente, no prazo de trinta días a contar da data da adquisición ou reforma, declaración por este imposto segundo o modelo aprobado polo Concello ó que se acompañarán a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas e o Documento Nacional de Identidade ou o Código de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.

2.- Pola oficina xestora practícarase a correspondentes liquidación, normal ou complementaria, que será notificada individualmente ós interesados, con indicación do prazo de ingreso e os recursos procedentes.

## **Artigo 3º.-**

1.- No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pago das cotas anuais do imposto realizarase dentro do primeiro semestre de cada exercicio.

2.- No suposto regulado no apartado anterior, a recaudación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán todos os vehículos suxeitos ó imposto ao que teñan inscritos no correspondente Rexistro Público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.

3.- O padrón ou matrícula do imposto expoñerase ó público por prazo de quince días hábiles, para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ó público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

## **Disposición transitoria.**

As persoas ou entidades que a data de inicio da aplicación do presente imposto gocen de calquera clase de beneficio fiscal no Imposto Municipal sobre Circulación de Vehículos, continuarán no desfrute dos mesmos no imposto citado en primeiro termo ata a data

da extinción de ditos beneficios e, no caso de que os mesmos non tiveran termo de desfrute, ata o 31 de decembro de 1992, inclusive.

### **Disposición final.**

A presente Ordenanza fiscal, a que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o vinte e oito de setembro de mil novecentos oitenta e nove, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de mil novecentos noventa, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

"De conformidad con lo previsto en el artículo 95.4 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo que aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, el coeficiente de incremento de las cuotas del Impuesto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicable en este Municipio queda fijado en el 1,20 resultando de dicha aplicación las tarifas contempladas en el anexo correspondiente, según los siguientes epígrafes (lo cual supone elevar el coeficiente de 1,1 a 1,2):

<i>A) Turismos.</i>	
- De menos de 8 cabalos fiscais	15,14
- De 8 hasta 11,99 cabalos fiscais	40,90
- De máis de 12 a 15,99 cabalos fiscais	86,33
- De máis de 16 cabalos fiscais	107,53
- De máis de 20 cabalos fiscais	134,40
<i>B) Autobuses.</i>	
- De menos de 21 prazas	99,96
- De 21 a 50 prazas	142,37
- De máis de 50 prazas	177,96
<i>C) Camións.</i>	
- De menos de 1.000 Kg. de carga útil	50,74
- De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil	99,96
- De máis de 2.999 a 9.999 Kg. de carga útil	142,37
- De máis de 9.999 Kg. de carga útil	177,96
<i>D) Tractores.</i>	
- De menos de 16 cabalos fiscais	21,20
- De 16 a 25 cabalos fiscais	33,32
- De máis de 25 cabalos fiscais	99,96
<i>E) Remolques y semirremolques de tracción mecánica.</i>	
- De menos de 1.000 Kg. y máis de 750 Kg. de carga útil	21,20
- De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil	33,32
- De máis de 2.999 Kg. de carga útil	99,96
<i>F) Outros vehículos.</i>	
- Ciclomotores	5,30
- Motocicletas hasta 125 cc.	5,30
- Motocicletas de máis de 125 hasta 250 cc.	9,08
- Motocicletas de máis de 250 hasta 500 cc.	18,18
- Motocicletas de máis de 500 hasta 1.000 cc.	36,35
- Motocicletas de máis de 1.000 cc.	72,70



